

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS

- 8844** *Orde HAP/1650/2015, do 31 de xullo, pola que se modifican a Orde HAP/492/2014, do 27 de marzo, pola que se regulan os requisitos funcionais e técnicos do Rexistro Contable de Facturas das entidades do ámbito de aplicación da Lei 25/2013, do 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do Rexistro Contable de Facturas no sector público, e a Orde HAP/1074/2014, do 24 de xuño, pola que se regulan as condicións técnicas e funcionais que debe reunir o punto xeral de entrada de facturas electrónicas.*

As entidades previstas no artigo 4 da Lei 25/2013, do 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do Rexistro Contable de Facturas no sector público, están suxeitas á obriga de expedición de factura electrónica, nos termos e nas condicións establecidos na dita lei e na súa normativa de desenvolvemento, respecto das facturas emitidas no marco das relacións xurídicas entre provedores de bens e servizos e as administracións públicas, a partir da data establecida na disposición derradeira oitava, alínea a), da mencionada lei.

A experiencia adquirida respecto dos problemas detectados na presentación e recepción da factura electrónica a través do punto xeral de entrada de facturas electrónicas, na súa posterior anotación no Rexistro Contable de Facturas, e na ulterior tramitación do procedemento de conformidade e do recoñecemento da obriga, aconsellan a aprobación desta orde ministerial co obxecto de establecer criterios homoxeneizadores respecto da validación da factura electrónica e, polo tanto, da súa xeración.

Concretamente trátase de regular o uso de extensións da factura electrónica, entendendo como tales fragmentos adicionais de información estruturada engadidos a aquela pero cun esquema propio distinto ao da dita factura, co obxecto de proporcionar a resposta necesaria á especificidade do réxime de facturación electrónica en determinados sectores e, ao propio tempo, de evitar zonas opacas ao seu destinatario, así como a información anexa á propia factura, modificando, para tales efectos, a Orde HAP/1074/2014, do 24 de xuño, pola que se regulan as condicións técnicas e funcionais que debe reunir o punto xeral de entrada de facturas electrónicas, a través da incorporación dalgunhas melloras.

Así mesmo, é necesario establecer e publicar as regras de validación das facturas electrónicas aplicables en fase de anotación nos rexistros contables de facturas das entidades do ámbito de aplicación da Lei 25/2013, do 27 de decembro, para facilitar a súa aplicación homoxénea por eles, o que ao mesmo tempo debería ser tido en conta polos programas de facturación xeradores das facturas electrónicas, co obxecto de reducir a alta incidencia de rexeitamentos que se está advertindo nesta fase inicial de obrigatoriedade da factura electrónica. Para estes efectos, inclúese unha nova disposición adicional cuarta na Orde HAP/492/2014, do 27 de marzo, pola que se regulan os requisitos funcionais e técnicos do Rexistro Contable de Facturas das entidades do ámbito de aplicación da Lei 25/2013, do 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do Rexistro Contable de Facturas no sector público.

Doutra parte, e tamén como froito da experiencia adquirida neste tempo, convén posibilitar o uso do selo electrónico previsto no artigo 5.2 da Lei 25/2013, do 27 de decembro, na presentación de facturas electrónicas. En efecto, o dito artigo 5.2 prevé a posibilidade do selo electrónico avanzado baseado nun certificado recoñecido que reúna os requisitos alí establecidos, indicando respecto diso que o selo electrónico é o conxunto de datos en forma electrónica, consignados ou asociados con facturas electrónicas, que poden ser utilizados por persoas xurídicas e entidades sen personalidade xurídica para

garantir a orixe e a integridade do seu contido. Pola súa banda, a disposición transitoria segunda, sobre sinatura das facturas electrónicas, da mesma lei prevé que mentres non se desenvolva o contido do selo electrónico avanzado baseado nun certificado electrónico recoñecido, as facturas electrónicas que se presenten ante as administracións públicas poderán garantir a súa autenticidade e integridade mediante un certificado que resulte válido na plataforma de validación de certificados electrónicos @sinatura do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.

No entanto, con posterioridade, a Orde HAP/1074/2014, do 24 de xuño, pola que se regulan as condicións técnicas e funcionais que debe reunir o punto xeral de entrada de facturas electrónicas, dispuxo na súa disposición transitoria única que, mentres non se aprobe a orde ministerial a que se refire o artigo 5 desta orde, as facturas deberán ser expedidas no formato que a Lei 25/2013, do 27 de decembro, establece na súa disposición adicional segunda e estar asinadas con sinatura electrónica avanzada baseada nun certificado recoñecido.

Dada a utilidade que este tipo de certificados pode ter para o tratamento automatizado da presentación de facturas electrónicas ante calquera dos puntos de entrada de facturas electrónicas previstos na Lei 25/2013, do 27 de decembro, introdúcese a través da presente orde unha modificación da disposición transitoria única da Orde HAP/1074/2014, do 24 de xuño, para efectos de posibilitar a súa utilización.

Por último, e tendo en conta a modificación recentemente introducida na Lei 25/2013, do 27 de decembro, que, no novo número 2 da disposición adicional sexta, prevé que o Ministerio de Facenda e Administracións Públicas manterá actualizado un directorio de puntos de entrada de facturas electrónicas das administracións públicas, desenvólvese a través desta orde a súa composición, actualización, difusión e publicación.

Esta orde estrutúrase en dous artigos, artigo primeiro, que modifica a Orde HAP/492/2014, do 27 de marzo, e artigo segundo, que modifica a Orde HAP/1074/2014, do 24 de xuño, unha disposición transitoria e unha disposición derradeira.

Na súa virtude, de acordo co Consello de Estado, dispoño:

Artigo primeiro. Modificación da Orde HAP/492/2014, do 27 de marzo, pola que se regulan os requisitos funcionais e técnicos do Rexistro Contable de Facturas das entidades do ámbito de aplicación da Lei 25/2013, do 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do Rexistro Contable de Facturas no sector público.

A Orde HAP/492/2014, do 27 de marzo, pola que se regulan os requisitos funcionais e técnicos do Rexistro Contable de Facturas das entidades do ámbito de aplicación da Lei 25/2013, do 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do Rexistro Contable de Facturas no sector público, queda modificada nos seguintes termos:

Un. Inclúese unha nova disposición adicional cuarta coa seguinte redacción:

«Disposición adicional cuarta. Regras de validación das facturas electrónicas aplicables en fase de anotación nos rexistros contables de facturas.

1. Os sistemas de información contable en que estean integrados os rexistros contables de facturas das entidades suxeitas ao ámbito de aplicación da Lei 25/2013, do 27 de decembro, axustarán as súas regras de validación en fase de anotación das ditas facturas no Rexistro Contable de Facturas, antes do 15 de outubro de 2015, ás contidas no anexo II desta orde.

Estas regras de validación serán as aplicables por todos os rexistros contables de facturas para efectos da anotación das facturas electrónicas recibidas do punto xeral de entrada de facturas electrónicas nos ditos rexistros, de forma que soamente aquelas que non superen as validacións establecidas no dito anexo poderán ser rexeitadas nesta fase. O resto de facturas quedarán anotadas automaticamente no

Rexistro Contable de Facturas, dispoñibles para a súa tramitación posterior, sen que isto prexulgue o seu resultado.

En todo caso, o rexeitamento dunha factura, calquera que sexa a fase en que se produza, requirirá que se cubra o motivo do rexeitamento por parte da Administración.

2. As regras de validación vixentes serán publicadas no portal web da Intervención Xeral da Administración do Estado, na epígrafe destinada ao Rexistro Contable de Facturas, e no portal web do punto xeral de entrada de facturas electrónicas da Administración xeral do Estado (FACe).

3. O Ministerio de Facenda e Administracións Públicas publicará nos portais indicados no punto anterior unha utilidade para a verificación das regras de validación da factura electrónica vixentes que non dependan da información do Rexistro Contable de Facturas. Esta utilidade dará soporte, así mesmo, á validación de calquera extensión aprobada polo Ministerio.»

Dous. Modifícase o número 7 da disposición adicional primeira, que queda redactada nos seguintes termos:

«7. Ficheiro de protección de datos.

En cumprimento do previsto no artigo 20 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, créase o ficheiro de datos persoais «Rexistro Contable de Facturas da AXE», cuxa titularidade corresponde á Intervención Xeral da Administración do Estado, válido para efectos do exercicio por parte dos cidadáns dos dereitos previstos pola dita lei. O contido do ficheiro recóllese no anexo I desta orde.»

Tres. Modifícase a referencia ao anexo actual, que pasa a ser «Anexo I»

Catro. Inclúese un novo anexo II coa seguinte redacción:

«ANEXO II

Regras de validación ás cales se refire a disposición adicional cuarta

1. Verificación do cumprimento do esquema XSD de “Facturae” da versión correspondente (3.2 ou 3.2.1), así como verificación dos XSD das extensións aprobadas.

2. Verificación da política de sinatura en vigor asociada ao formato «Facturae».

3. Respecto ao número da factura:

a) O número de factura será obrigatorio.

b) Non deberá existir no Rexistro Contable de Facturas unha factura co mesmo NIF e país do emisor, número e serie de factura, emitida na mesma data, salvo que esta rexeitada ou anulada.

4. Respecto ao tipo de factura electrónica.

a) A tipoloxía de facturas rectificativas admitidas no formato Facturae, de acordo co Real decreto 1619/2012, do 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigacións de facturación, será a seguinte:

1.º “01” - Rectificación modelo íntegro.

2.º “02” - Rectificación modelo por diferenzas.

3.º “03” - Rectificación por desconto por volume de operacións durante un período e rectificación por devolución de mercadorías ou de envases e embalaxes previstas no artigo 15.2, 2.º parágrafo, do Regulamento polo que se regulan as obrigacións de facturación, aprobado polo Real decreto 1619/2012, do 30 de novembro.

4.º “04” - Autorizadas pola Axencia Estatal de Administración Tributaria.

b) Cando o tipo de factura é rectificativa, será obrigatorio o criterio de rectificación e, cando este criterio é 01, rectificación modelo íntegro, ou 02, rectificación modelo por diferenzas, o número de factura do emisor que rectifica. No resto de supostos non será necesario identificar o número de factura do emisor que rectifica.

c) Se no Rexistro Contable de Facturas foi xa rexistrada a factura orixinal, deberíase rexeitar o duplicado ou copia dela previsto no artigo 14 do Regulamento polo que se regulan as obrigacións de facturación, aprobado polo Real decreto 1619/2012, do 30 de novembro. No caso de que a factura orixinal chegue ao Rexistro Contable de Facturas unha vez rexistrado o duplicado ou copia, rexeitaríase aquela.

5. Respecto ao emisor e cesionario da factura.

a) O código de tipo de persoa, física ou xurídica, será obrigatorio. No caso de entidades sen personalidade xurídica, utilizarase o código correspondente a persoas xurídicas.

b) No caso de que o país emisor do NIF sexa España, validarase que o NIF se axuste ás normas e aos criterios da súa formación. Se os dous primeiros caracteres do NIF son letras, asumírase que equivalen ao país, e o resto ao NIF. Noutro caso, o código equivalerá ao NIF e asumírase que o país é España.

c) Validarase a existencia do código do país de acordo co propio esquema "Facturae".

d) Se se trata de persoa física, validarase que o nome e o primeiro apelido teñan algún contido.

e) Se se trata de persoa xurídica, validarase que a razón social teña algún contido.

f) Se existe cesionario, comprobarase que o NIF do emisor da factura e do cesionario non coinciden.

6. Respecto dos importes da factura.

a) Nas facturas emitidas en euros, validarase que os importes totais das liñas relativos ao custo total sexan numéricos e estean redondeados, de acordo co método común de redondeo, a dous decimais, como resultado do produto do número de unidades polo prezo unitario, e que os importes brutos das liñas sexan o resultado de restar do custo total os descontos, e de sumar os cargos, todos eles numéricos e con dous decimais. Así mesmo, validarase que o resto de importes no nivel de liña, con excepción do importe unitario, veñan expresados en euros con dous decimais. Non se consideran importes os tipos impositivos ou as porcentaxes para aplicar que, do mesmo xeito que o importe unitario, poderán ter os decimais que permita o formato Facturae.

b) Nas facturas emitidas en euros, validarase que o total importe bruto da factura sexa numérico e a dous decimais, por suma dos importes brutos das liñas. Así mesmo, validarase que o resto de importes veñan expresados en euros con dous decimais. Non se consideran importes os tipos impositivos ou as porcentaxes que se deben aplicar, que poderán ter os decimais que permita o formato Facturae.

c) Validarase a existencia do código de moeda de acordo co establecido no propio esquema "Facturae".

d) Se o "total importe bruto, antes de impostos" é positivo, validarase que o "total impostos retidos", se ten contido, sexa maior ou igual que cero.

e) Validarase que o "total importe bruto, antes de impostos" sexa igual ao "total importe bruto" menos o "total xeral descontos" máis o "total xeral cargos".

f) Validarase que o "total factura" sexa igual ao "total importe bruto, antes de impostos" máis o "total impostos repercutidos" menos o "total impostos retidos".

7. Respecto das datas da factura.

a) Validarase que a data de anotación no rexistro administrativo teña valor, sexa válida e anterior ou igual á data actual e maior ou igual que a data de emisión da factura.

8. Respecto dos órganos administrativos que participan na tramitación da factura.

a) Validarase que os códigos DIR3 do tres órganos administrativos que resulta obrigatorio identificar na factura electrónica teñan valor e existan nas táboas de órganos administrativos do Rexistro Contable de Facturas.

b) Validarase que as relacións oficina contable-órgano xestor; oficina contable-unidade tramitadora; e órgano xestor-unidade tramitadora existan nas táboas de órganos administrativos do Rexistro Contable de Facturas.

9. Outras validacións.

a) Será obrigatorio que o punto xeral de entrada de facturas electrónicas proporcione, por cada factura electrónica presentada, o número de rexistro asignado no dito punto.

b) Validarase que a descrición das liñas da factura teña algún contido.»

Cinco. Inclúese unha nova disposición derradeira primeira bis coa seguinte redacción:

«Disposición derradeira primeira bis. *Habilitación normativa.*

Habilítanse os titulares das secretarías de Estado de Orzamentos e Gastos e de Facenda, no ámbito das súas competencias, para adoptaren as resolucións e medidas necesarias para a aplicación e execución do disposto nesta orde.

En particular, o contido do anexo II desta orde poderá ser modificado por resolución conxunta do titular da Secretaría de Estado de Orzamentos e Gastos e do titular da Secretaría de Estado de Facenda, oído o Comité Sectorial de Administración Electrónica.»

Artigo segundo. Modificación da Orde HAP/1074/2014, do 24 de xuño, pola que se regulan as condicións técnicas e funcionais que debe reunir o punto xeral de entrada de facturas electrónicas.

A Orde HAP/1074/2014, do 24 de xuño, pola que se regulan as condicións técnicas e funcionais que debe reunir o punto xeral de entrada de facturas electrónicas, queda modificada nos seguintes termos:

Un. Inclúese un novo número 3 no artigo 5 coa seguinte redacción:

«3. O tamaño máximo dunha factura electrónica con extensións e información anexa non deberá ser superior a 8 MB.»

Dous. Inclúese un novo artigo 5 bis coa seguinte redacción:

«Artigo 5 bis. *Extensións da factura electrónica.*

1. As extensións da factura electrónica son fragmentos adicionais de información estruturada, engadidos a aquela, cun esquema propio distinto ao da devandita factura.

2. Para os efectos desta orde considéranse como únicas extensións válidas na factura electrónica as sectoriais, que serán aquelas cuxa iniciativa corresponde a un sector de actividade e cuxa aprobación se efectuará nos termos establecidos no número 3 deste artigo.

3. As extensións sectoriais axustaranse ao establecido neste punto.

a) A proposta de extensión sectorial, así como das modificacións e baixas de extensións sectoriais aprobadas, poderá ser formulada, a razón dunha única extensión por sector, pola asociación ou asociacións máis representativas de cada sector e será dirixida á Secretaría de Estado de Administracións Públicas do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, utilizando os medios e o procedemento que para o efecto estableza a Secretaría de Estado no portal web do punto xeral de entrada de facturas electrónicas da Administración xeral do Estado (FACe).

b) A proposta de extensión sectorial de "Facturae" deberá incluír unha memoria xustificativa na cal se propoña e xustifique o alcance da proposta así como a súa conveniencia, o XSD da extensión e un XSLT que permita xerar, a partir da extensión de "Facturae", un documento lexible para humanos. Así mesmo, a memoria incluírá a relación de asociacións propoñentes da extensión sectorial e a xustificación da súa representatividade dentro do sector.

Tanto o XSD dunha extensión de "Facturae" como o correspondente XSLT serán de uso libre e gratuito, e de código aberto. O formato do documento lexible que se xere co XSLT deberá ser HTML ou PDF.

c) A aprobación ou, de ser o caso, a modificación ou baixa da extensión sectorial realizarase por resolución conxunta do secretario de Estado de Administracións Públicas e do secretario de Estado de Orzamentos e Gastos, logo de informe preceptivo do Comité Sectorial da Administración Electrónica, da Intervención Xeral da Administración do Estado e da Dirección Xeral do Patrimonio do Estado.

Na decisión sobre a aprobación ou modificación da extensión sectorial terase en conta a representatividade das asociacións propoñentes, que a información contida na extensión sexa a requirida pola Administración e a calidade técnica da proposta. Na decisión sobre a baixa da extensión sectorial terase en conta a representatividade das asociacións propoñentes e as razóns argumentadas na memoria.

d) As extensións sectoriais aprobadas, como máximo unha por sector, e a documentación constitutiva delas publicaranse, con indicación da súa data de obrigatoriedade, que non poderá ser superior a sesenta días desde a súa data de publicación, no portal web do punto xeral de entrada de facturas electrónicas da Administración xeral do Estado (FACe). Os demais puntos xerais de entrada de facturas electrónicas deberán conter unha ligazón á páxina web do portal de FACe onde estean as extensións de "Facturae" aprobadas.

A data concreta de obrigatoriedade da extensión aprobada será aquela a partir da cal as administracións públicas deberán aceptar facturas electrónicas coa dita extensión a través dos puntos xerais de entrada de facturas electrónicas, e os emisores das facturas deberán incluíla.

4. As facturas electrónicas que conteñan extensións sectoriais non aprobadas nos termos dos puntos anteriores serán rexeitadas polo punto xeral de entrada de facturas electrónicas a que fosen enviadas.

5. Unicamente terán a consideración de extensións de "Facturae", para efectos do disposto nesta orde, as que se aproben de conformidade co previsto neste artigo.»

Tres. Inclúese un novo artigo 5 ter coa seguinte redacción:

«Artigo 5 ter. *Información anexa.*

Admitirase información anexa da factura electrónica como información na propia factura electrónica ou como ficheiro anexo, en formato non estruturado, PDF ou HTML, adicional á que permite o esquema de datos explícito da factura electrónica. Trátase de información complementaria á propia da factura electrónica que explica, xustifica ou detalla a información contida nela.»

Catro. Inclúese un novo artigo 8 bis coa seguinte redacción:

«Artigo 8 bis. *Directorio de puntos de entrada de facturas electrónicas das administracións públicas.*

1. O directorio de puntos de entrada de facturas electrónicas das administracións públicas será accesible desde a web face.gob.es e estará, así mesmo, enlazado desde a web de “Facturae”.

2. Mediante un sistema electrónico articulado a través dos portais de xestión de usuarios da Secretaría de Estado das Administracións Públicas, aqueles responsables designados, para tales efectos, polas administracións públicas, levarán a cabo a xestión de usuarios e a actualización da información do citado directorio

3. A información que con carácter obrigatorio deberá constar no dito directorio para cada unha das administracións públicas será a seguinte:

a) Indicación do seu punto xeral de entrada de facturas electrónicas. No caso de estar adherida a FACE e ademais dispor dun punto autonómico ou local distinto de FACE, en diante “punto propio”, consignaranse os datos de ambos.

b) Enderezo electrónico do seu punto propio de entrada de facturas electrónicas. Este enderezo non poderá ser unha páxina xenérica senón que enlazará co enderezo en que o provedor poderá presentar as facturas a través dunha páxina web.

c) Enderezos dos servizos web de presentación de facturas de forma automática.

d) Enderezo da páxina informativa ou que conteña os manuais de uso do punto xeral de entrada de facturas electrónicas que corresponda, de ser o caso.

e) Canles de soporte e atención a provedores: polo menos unha das seguintes deberá sinalarse de forma obrigatoria: correo electrónico, formulario web ou teléfono.

f) Indicación de se se aplica a exclusión regulamentaria da obrigación de presentación de factura electrónica prevista no artigo 4 da Lei 25/2013, do 27 de decembro, por importe de facturas, especificando, en caso de aplicación, o límite fixado, e respecto de provedores aos servizos no exterior das administracións públicas.»

Cinco. Engádeselle un novo número 6 á disposición adicional primeira, coa seguinte redacción:

«6. Ficheiro de protección de datos.

En cumprimento do previsto no artigo 20 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, créase o ficheiro de datos persoais, “punto xeral de entrada de facturas electrónicas da AXE”, cuxa titularidade corresponde á Dirección de Tecnoloxías da Información e as Comunicacions, válido para efectos do exercicio por parte dos cidadáns dos dereitos previstos pola dita lei. O contido do ficheiro recóllese no anexo II da presente orde.»

Seis. A disposición transitoria única queda redactada como segue:

«Disposición transitoria única. *Formato transitorio das facturas.*

Mentres non se aprobe a orde ministerial a que se refire o artigo 5 desta orde, as facturas deberán ser expedidas no formato que a Lei 25/2013, do 27 de decembro, establece na súa disposición adicional segunda e estar asinadas con sinatura electrónica avanzada baseada nun certificado recoñecido, de acordo co disposto no artigo 10.1 a) do Regulamento polo que se regulan as obrigacións de facturación, aprobado mediante Real decreto 1619/2012, do 30 de novembro, ou

mediante selo electrónico avanzado baseado nun certificado recoñecido dos admitidos pola plataforma de verificación do estado de revogación dos certificados admitidos, prevista no artigo 25.1 do Real decreto 1671/2009, do 6 de novembro, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos.

O certificado en que se basee a sinatura ou o selo electrónico avanzado deberá ser algún dos incluídos no Servizo de Publicacións do Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo, previsto no artigo 30.2 da Lei 59/2003, do 19 de decembro, de sinatura electrónica, e a partir da data de aplicación do Regulamento (UE) 910/2014, de identificación electrónica e servizos de confianza para as transaccións no mercado interior, na "Lista de confianza de prestadores de servizos de certificación" (TSL), publicada na sede electrónica do Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo.»

Sete. Modifícase a referencia ao anexo actual, que pasa a ser «Anexo I»

Oito. Incorpórase un novo anexo II coa seguinte redacción:

«ANEXO II

Ficheiro de datos de carácter persoal

Nome do ficheiro: «Punto xeral de entrada de facturas electrónicas da AXE»

Finalidade do ficheiro e usos previstos: anotación de información necesaria para o control de acceso ao estado e xestión das facturas recibidas no servizo FAcE-punto xeral de entrada de facturas electrónicas da Administración xeral do Estado.

Persoas ou colectivos sobre os cales se pretende obter datos de carácter persoal ou que resulten obrigados a subministralos: terceiros das facturas que sexan remitidas aos rexistros contables de facturas da Administración xeral do Estado.

Procedemento de recollida de datos de carácter persoal: dos datos do terceiro na propia factura recibida na Administración xeral do Estado e dos datos do terceiro que presenta a factura.

Estrutura básica do ficheiro e descrición dos tipos de datos de carácter persoal incluídos nel: recolleranse os seguintes datos persoais:

Datos do emisor/proveedor:

Código de identificación fiscal.
Nome e apelidos.

Datos do asinante da factura:

Código de identificación fiscal.
Nome e apelidos.

Datos do presentador da factura:

Código de identificación fiscal.
Nome e apelidos.
Correo electrónico.

Datos do cesionario (se o houber):

Código de identificación fiscal.
Nome e apelidos.

Datos do emisor/terceira persoa (se o houber):

Código de identificación fiscal.
Nome e apelidos.

Sistema de tratamento: ficheiro automatizado.

Comunicacións previstas dos datos, con indicación, de ser o caso, dos destinatarios ou as categorías de destinatarios: comunicación de datos aos rexistros contables de facturas das administracións públicas destinatarias das facturas.

Transferencias internacionais previstas a terceiros países, con indicación, de ser o caso, dos países de destino dos datos: non previstas.

Órganos responsables do ficheiro: Subdirección Xeral de Impulso da Administración Dixital e Servizo ao Cidadán da Dirección de Tecnoloxías da Información e as Comunicacións do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.

Servizos ou unidades ante os cales se poden exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición: Subdirección Xeral de Impulso da Administración Dixital e Servizo ao Cidadán da Dirección de Tecnoloxías da Información e as Comunicacións do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas; rúa María de Molina, número 50, 28071, Madrid.

Nivel básico, medio ou alto de seguridade: nivel básico.»

Novo. Inclúese un novo anexo III coa seguinte redacción:

«ANEXO III»

Definicións

Para os efectos desta orde ministerial, entenderase por:

1. <<Información estruturada>>: información en formato electrónico composta por datos que poden ser xerados e procesados automaticamente por sistemas informáticos.

2. <<Información non estruturada>>: información en formato electrónico cuxo procesamento para extraer dela datos que poidan ser procesados automaticamente polos sistemas informáticos do receptor require a intervención humana ou un proceso custoso que non adoita estar completamente automatizado, como o recoñecemento óptico de caracteres (OCR).

3. <<Esquema de datos explícito>>: o conxunto de datos que o formato da factura electrónica define explicitamente. Exclúe, polo tanto, o que poida conter calquera extensión ou anexo da factura electrónica, sexa estruturado ou non.

4. <<XSD>>: XML Schema Definition: documento que describe unha estrutura específica, á cal se denomina formato, de documento electrónico escrito nunha linguaxe informática que se denomina XML. O XSD permite interpretar o documento electrónico. O XSD define tamén o modelo de datos explícito que corresponde a ese formato. O XSD é, pola súa vez, un documento electrónico procesable automaticamente por un sistema informático. Un exemplo de XSD é o XSD "Facturae", que describe como crear facturas escritas en XML conforme o formato "Facturae".

5. <<Facturae>>: XSD do formato de factura electrónica "Facturae" que se determina na disposición adicional segunda da Lei 25/2013, do 27 de decembro.

6. <<XSLT>>: documento electrónico que determina como transformar un documento electrónico escrito en XML noutro documento noutro formato lexible para humanos.

7. <<Selo electrónico avanzado baseado nun certificado recoñecido>>: instrumento para garantir integridade e autenticidade dun documento electrónico

definido no artigo 5.2 da Lei 25/2013, do 27 de decembro, e no Regulamento (UE) 910/2014 do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de xullo de 2014, relativo á identificación electrónica e aos servizos de confianza para as transaccións electrónicas no mercado interior e pola que se derroga a Directiva 1999/93/CE.

8. <<Punto xeral de entrada>>: aquel que cumpra coas especificacións establecidas respecto diso na Lei 25/2013, do 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do Rexistro Contable de Facturas no sector público, e na súa normativa de desenvolvemento.»

Disposición transitoria única. *Admisión de determinadas extensións sectoriais actualmente utilizadas.*

Durante os seis meses seguintes á data de entrada en vigor desta orde e mentres non sexan aprobadas as correspondentes extensións sectoriais reguladas no novo artigo 5 bis da Orde HAP/1074/2014, do 24 de xuño, pola que se regulan as condicións técnicas e funcionais que debe reunir o punto xeral de entrada de facturas electrónicas, as administracións que no momento de entrada en vigor da orde estivesen a admitir extensións sectoriais poderano seguir facendo.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 31 de xullo de 2015.—O ministro de Facenda e Administracións Públicas, Cristóbal Montoro Romero.